

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 230724

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/001053

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria reunirase cunha periodicidade quincenal nas datas e ás horas enriba indicadas. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do alcalde, poderá este alterar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local un día distinto da semana e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre a forma e os prazos das convocatorias.

Considerando que o día 25 de xullo de 2023, martes, é festivo procédese a cambiar a data da convocatoria da sesión ordinaria da xunta de goberno local

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

## RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **24 DE XULLO DE 2023 (luns)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na **sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

| ASUNTO/S                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:</b><br><br>- ORDINARIA núm. 2023/14, do 11 de xullo de 2023                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| <b>2.- LICENZAS DE OBRA.</b><br><br><b>a)</b> Expediente nº: 2023/U022/000010<br>Promotor: José Manuel Novo Costa<br>Obra: "PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN DE PRODUCTOS DEL CAMPO"<br>Situación: Vilar de Céltigos. Grixoa.<br>Licenza de obra nº: 30/23<br><br><b>b)</b> EXPEDIENTE: 2022/U022/000032<br>ASUNTO: Autorizar a execución das obras correspondentes ao Proxecto de execución de Ampliación de explotación de vacún de leite.<br>Obras que contan coa licenza de obras nº 43M/22<br>SITUACIÓN: Lg. Frieiro. Castriz<br>SOLICITANTE: OS AGROS DE FRIEIRO SCG.<br><br><b>c)</b> EXPEDIENTE Nº 2023/U003/000002 |

PROMOTOR: ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBRA: AMPLIACION DE CAPACIDADE DE ENTERRAMENTO DO CEMENTERIO PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE SANTA COMBA.

SITUACIÓN: Santa Comba

ASUNTO: Solicitud de nova prórroga de licenza de obra concedida nº 9M/21, para inicio das obras

### 3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN

EXPEDIENTE Nº: 2023/U018/000008

Promotor: Manuel Espasandín Novo.

Actuación: Segregación finca nº 373 de Concentración Parcelaria de San Andrés de A Pereira

Situación: San Andrés da Pereira

LICENZA Nº: 5S/23

### 4.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.

### 5.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.

### 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto :

|                        |  |                                 |
|------------------------|--|---------------------------------|
| ALBERTO ROMAR LANDEIRA |  | NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL   |
| NOELIA BALEATO TOJA    |  | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO |
| PATRICIA VAL ANTELO    |  | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO |
| PABLO NEGREIRA SOUTO   |  | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO |
| CARLOS TURNES ROMERO   |  | NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL   |

A acta da sesión ordinaria núm. 2023/14, do 11 de xullo de 2023, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 14/07/2023, rexistro de saída núm. 202300000002780/14-07-2023.

Esta resolución notificase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde,

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada